

Feira de primavera de emprendedoras: **INNOVANDO no RURAL**

6 de xuño
10:00h / 19:00h



Casetas Expositivas e Mesas Redondas

 **Praza da
mosqueira**

FINANCIA



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



PREVINCIO
DE ECONOMÍA RURAL



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



COLABORA



Feira de primavera de emprendedoras: INNOVANDO no RURAL

O emprendemento feminino é clave para a revitalización das zonas máis despoboadas do país, pois xera moita actividade económica. Os proxectos de emprendemento das mulleres na Galicia rural están a converterse nunha clara palanca para o desenvolvemento económico nos próximos anos. Isto pode contribuír a frear o despoboamento rural, ao estar arraigados nos seus territorios.

Ademais disto, o papel das mulleres emprendedoras no rural é clave na revitalización das zonas máis despoboadas do país. A súa capacidade para xerar emprego e crear riqueza é esencial no desenvolvemento económico destes enclaves. Isto implica un arraigamento profesional no seu territorio e un compromiso duradeiro, xa que normalmente decídense a continuar no medio rural e elixen este ámbito para desenvolver o seu proxecto profesional e persoal.

Nesta Feira de primavera queremos darlle voz e presenza a estas mulleres, que emprenden no rural co propósito de conseguir unha mellor vida para elas e o seu contexto próximo. Paralelamente, os seus proxectos impactan social e medioambientalmente ao mesmo tempo que coidan a contorna para as xeracións futuras. Ademais, tamén se propón un programa pensando para impulsar, orientar e axudar a todas as mulleres que queren iniciar o seu propio camiño laboral, tanto se teñen unha idea que parte de cero coma se xa emprenderon e necesitan un novo rumbo. Para axudalas, sobre todo nas fases iniciais do seu negocio, é necesario reforzar accións deste tipo que lles acheguen os recursos e coñecementos necesarios e tecer redes de colaboración que se establecerán nesta Feira de Primavera.

Nas diferentes mesas redondas e casetas expositivas analizaremos as características máis destacadas destes negocios rurais, moitos deles familiares e de tamaño moi pequeno, pero que non deixan de ser proxectos empresariais exquisitos.

Facilitaremos o debate para establecer alianzas necesarias para as emprendedoras que están a lanzar ou consolidando o seu proxecto de emprendemento. Neste contexto, visibilizaremos como este tipo de empresas contan coa participación doutras mulleres ou empregaron a mulleres nalgún momento, e teñen a colaboración como principio de traballo coas competidoras.

Mostraremos como moitos destes proxectos parten de fortes compoñentes innovadores, científicos e con importantes investimentos e dixitalizados. Temos que recordar que as emprendedoras do rural galego saben e defenden que estas características son determinantes para o desenvolvemento e crecemento empresarial.

As Administracións Públicas, as Universidades e o ecosistema emprendedor, temos que corrixir unha brecha histórica que pon en desvantaxe a mulleres fronte a homes á hora de emprender e que fai, ademais, que non aproveitemos todo o talento que ten a nosa sociedade. O financiamento é, sen dúbida, un dos elementos fundamentais para romper esta desigualdade. Pero tamén a visibilización das mesmas organizando a Feira da Primavera, baixo a temática das emprendedoras do rural unida ao termo innovación.

As mulleres que emprenden en zonas rurais teñen unha concienciación ambiental e social máis estendida que as emprendedoras urbanas. Preocúpase do impacto que poidan xerar nas súas comunidades, algo que tamén coincide cos obxectivos do Campus de Especialización Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela, que pon o seu foco na sustentabilidade e na loita contra problemáticas como o despoboamento. Moitas delas conseguen lograr as súas metas e son un exemplo para outras mulleres da contorna rural.

Este compromiso do impacto que teñen os seus negocios, xera que moitas delas antepoñan o logro dos obxectivos sociais e ambientais fronte aos de rendibilidade e crecemento, propiciando que sexa sostible. Todos estes son principios polos que se rexe un modelo de economía que promova a sustentabilidade da vida.

PROGRAMA

FEIRA DE PRIMAVERA DE EMPREENDEDORAS: INNOVANDO no RURAL

Data: 6 de xuño de 2024.

Lugar: Praza da Mosqueira. Ronda da Muralla.

Horario: 10:00-19:00h.

Obxecto:

Evento de promoción e difusión de empresas lideradas por mulleres no ámbito do rural galego, achegando ao público os produtos e servizos que serán expostos en diversas casetas ocupados polas emprendedoras.

Paralelamente á feira, organizaranse mesas redondas onde, por unha banda emprendedoras de referencia expoñerán a súa experiencia á hora de emprender e con que retos atópanse no camiño e, por outra, as administracións públicas organizadoras e colaboradoras da xornada presentarán iniciativas e liñas de axudas vencelladas ao emprendemento.

Conduce o acto Eva López. Coordinadora do Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.

Xornada de mañá

▪ **10:00-10:30h** | **Inauguración.**

- José Alberto Díez de Castro. Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.
- María Elvira López Mosquera. Delegada do Reitor para Campus Terra.
- Paula Alvarellos Fondo. Alcaldesa do Concello de Lugo.
- Javier Arias Fouz. Delegado Territorial da Xunta de Galicia.
- Verónica Marcos Arrojo. Presidenta da Federación de Mulleres Rurais. FADEMUR
- Luis García Santalla. Presidente da Fundación CEL.

▪ **11:00-12:00h** | Mesa redonda **“Iniciativas que xurden para recuperar a Cultura Tradicional Lucense”.**

- Lucía Freitas. Chef Galega.
- Carmela Valiño. Socia do proxectos da Ulloa. Milhulloa & Muuhlloa
- Noa López. Xestora Cultural e Produtora de Raizames, Encontro da Cultura do Viño da Ribeira Sacra.
- Bibiana Martínez. Doutora en Antropoloxía.

Modera: José Luis Martín Palacín. Presidente Asociación Cuarto Mundo.

- **12:00-13:00h** | Mesa redonda “**Emprendedoras beneficiarias de iniciativas e axudas públicas ao emprendemento**”.

- Helga Peral. Co-fundadora da XuvenLab.
- Sofía Pérez. Dirección de negocio y crecimiento. Mundo Healthy (WOVO).
- Leticia Seara. Ceo y co-fundadora Lexdigo.
- Ana María Pardo Lorenzo. Arquitecta e promotora do proxecto “Médico de edificios”.

Modera: Eva López. Coordinadora do programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.

Xornada de tarde

- **16:00-17:00h** | Mesa redonda “**A realidade das mulleres que emprenden no rural**”.

- Ana Díaz. Fundadora de Arela Comunicación Sostible.
- Lúdia Díaz. Socia Gandeira de Facenda Currodegus e Saragás SC.
- María José Bouzas. Fundadora de Tataraboas.
- Vanesa Rivas. Fundadora de Festigaleiros.
- Gemma Modia. Co-fundadora Lácteos Conchy.

Modera: María Anjhara. Presidenta da Asociación Empresarias de Lugo.

- **19:00-19:15h** | **Clausura da feira.**

- José Luis Villaverde Acuña. Director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da Universidade de Santiago de Compostela.
- Mauricio Repetto Morban. Dinamización Económica, Concello de Lugo.

Horario continuado das casetas expositivas de emprendedoras: **10:00-19:00 horas.**

Casetas de emprendedoras:

1. **Siolaz.** Cosmética Lucense. **Guitiriz.**
2. **Sacrapastas.** Galletas Artesanais sin aditivos. **Taboada.**
3. **Rural O Urbano.** Tenda de Produtos Gourmet. **Lugo.**
4. **Máis que Románico.** Rutas Románicas pola Ribeira Sacra. **Monforte de Lemos.**
5. **Torta de Sarria.** Lembrando Receitas Tradicionais. **Sarria.**
6. **Muuhlloa.** Cosmética galega ecolóxica. **Monterroso.**
7. **Embutidos Valentina Gourmet.** Alimentación. **O Saviñao.**
8. **As Coruxas.** Marmeladas tradicionais. **Foz.**
9. **Mimacuir** Artesanía e accesorios. **Taboada.**
10. **Tataraboas.** Galletas artesás. **Antas de Ulla.**

11. **Tres caracoles** Artesanía e coiro. **Lugo**.
12. **Naturantas**. Produtos e cosmética natural. **Antas de Ulla**.
13. **Tropic Gaia e Cóxegas na Alma**. Marmeladas de froitas ecolóxicas e tropicais e produtos sostibles. **Xove**.
14. **Artesanía do Pasatempo**. Cerámica e olería. **Mondoñedo**.
15. **Embutidos Suarna**. Alimentación. **Navia de Suarna**.
16. **Lácteos Conchy**. Leitería e quesería. **Friol**.
17. **Lugo Sweet**. Repostería creativa. **Lugo**.
18. **Os Cipreses**. Bodega. **Chantada**.
19. **Delicias do Souto**. Doces de castaña artesanais. **Folgo do Courel**.
20. **Aoby Upcycling**. Moda e accesorios upcycling. **Lugo**.
21. **Ceniza de Papel**. Cerámica e olería. **Lugo**.
22. **Meteora Handmade**. Costura creativa. **Lugo**.

Espazos de Ocio:

- **Xeou!**. Xeados artesanais de Portomarín.
- **Mercado de la Cosecha**. Sidra Maeloc.
- **Escenavana**. Música en directo coa actuación de Catuxa Salom ás 13:00h e ás 17:00h.